Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: A manta partida e o monte das Penizas [ATU-980: The Ungrateful Son]

Érase unha vez nun pueblo. Entonces estaba o abuelo, o pai estaba o pai, o fillo e o neto. Entonces o paí díxolle era unha leyenda que ó que non podían traballare levábanos ó monte, no monte había un sitio que lle chamaban As Penizas e levaban alí a xente de edá, a xente que xa non podía traballar.

Entonces díxolle o fillo ó pai:

Meu pai, agora tócalle de ir pa o monte. Voulle dar unha manta e vouno levar.

E díxolle o pai:

Bueno, e se me toca terei que ire.

Entonces foi, colleu a manta e íballa dar ó pai; e díxolle o neto ó pai:

Papá, corta a metá da manta e déixaa quedare!

E díxolle o pai:

E pa que a queres, meu fillo?

E díxolle el:

Pa cuando ti seas vello coma meu abuelo, lévalo ao monte coa metá da manta.

E díxolle el ó pai; o pai do rapaz díxolle ó pai:

Meu pai, de a volta que eu non quero ir po monte como vai usté.

E díxolle el:

Meu fillo, gracias ó neto que senón ben estaba alá nas Penizas.

[Transcrición da versión oral de Consuelo "Chelo" Durán Carballal (n. 1940), residente en A Correa, Xirarga, Beariz (Ourense). Gravación da polafía organizada pola AELG en Xirarga o 1 de outubro de 2011.]

► Enlace vídeo [Arquivo Polafías AELG]